

084-2020. Onde localizar guías clínicas nos recursos de Bibliosaúde.

084-2020. Dónde localizar guías clínicas en los recursos de Bibliosaúde.

Elaborado por Uxía Gutiérrez. Xullo de 2020





Na práctica clínica diaria con patoloxías habituais, poden resultar necesarias e benvidas, guías clínicas para normalizar e estandarizar na práctica clínica os diagnósticos, tratamentos e coidados dos pacientes e facilitar desta forma o labor asistencial, reducindo a incerteza e axudando a solucionar os problemas.

Un dos problemas da localización das guías de práctica clínica é a dispersión entre os múltiples produtores destas. Na biblioteca virtual Bibliosaúde (<https://bibliosaude.sergas.gal>) dispoñemos de recursos clínicos diferentes, nos que se inclúen amplas recompilacións de Guías Clínicas (GC).

O obxectivo deste documento é recompilar as ferramentas ou plataformas subscritas na Biblioteca Virtual, onde se poden localizar GC, como o primeiro paso de localización rápida de guías sobre un tema concreto.

| Nombre herramienta | URL acceso | Descripción | Comentarios |
|--------------------|---|--|---|
| Fisterra | https://www.fisterra.com/guias-clinicas/ | As guías de práctica clínica de Fisterra, son recomendacións para profesionais da saúde desenvolvidas de forma sistemática para orientar ao profesional para tomar as decisións adecuadas cando o paciente ten unha enfermidade determinada. | Orientadas á Atención Primaria. Guías en español. |
| Uptodate | https://www.uptodate.com | En cada revisión temática, atoparemos un epígrafe chamado " SOCIETY GUIDELINE LINKS" onde teremos ligazóns ás principais guías de práctica clínica de sociedades médicas e científicas internacionais. | Orientadas a calquera especialidade cuberta por Uptodate. |

| | | | |
|-----------------|---|--|---|
| Dynamed | https://www.dynamed.com | En cada revisión temática, atoparemos un epígrafe específico chamado “ Guidelines and Resources ”, onde teremos acceso ás principais guías de práctica clínica internacionais. | Orientadas a calquera especialidade cuberta por Dynamed. Recompilación moi ampla de cada tema, organizadas por países produtores. Podemos recuperar tamén guías españolas de Sociedades españolas como Semfyc e outras. |
| Clinical Key | https://www.clinicalkey.es | Permite buscar ou navegar no subgrupo de tipoloxías documentais “Guías clínicas”. Recompila entre outras guías de Fistera, NICE, e outras sociedades biomédicas produtoras. Predominan as sociedades americanas, pero tamén europeas, españolas ou australianas, etc. | Orientadas a calquera especialidade cuberta por Clinical Key. Podemos tamén localizar guías en español. |
| Access Medicine | https://accessmedicine.mhmedical.com/ | Este portal de McGraw-Hill ofrece acceso a varias guías clínicas de Diagnóstico e tratamento baixo a pestana “ Quick Reference”: QMDT, Guidelines para pacientes hospitalizados (<i>Guidelines- Inpatient Medicine</i>) e Guidelines para atención primaria (<i>Guidelines- Primary care</i>). | Cobre guías para especializada e para primaria. As guías de primaria (<i>CURRENT Practice Guidelines in Primary Care 2020</i>) divídense en guías para cribado, prevención e manexo das enfermidades. |
| Acces Medicina | https://accessmedicina.mhmedical.com/book.aspx?bookid=1945&TopLevelContentDisplayName=Gu%C3%ADas | Contén as “Guías prácticas para a atención primaria” de Lange | Orientadas á atención primaria. En español. |

| | | | |
|---|---|--|---|
| Imagen. Guidelines Dynamed | Imagen. Guidelines Uptodate | Imagen. Guidelines Access Medicine | Imagen. Guidelines Clinical Key |
|  |  |  |  |

Buscadores sen suscripción / gratuitos que localizan GPC, tamén accesibles en Bibliosaúde:

| | | | |
|--------------|---|---------------------------|---|
| TripDatabase | https://www.tripdatabase.com/ | Buscador de evidencias | Lánzase a procura e logo límitase á tipoloxía Guidelines. As categoriza por países. |
| Sumsearch | http://sumsearch.org/ | Buscador de evidencias de | Unha vez lanzada a procura, |

| | | | |
|-------------|---|---|---|
| | | orixinais de Pubmed, Revisións Sistemáticas e <i>Guidelines</i> | na pantalla dos resultados, pídase sobre a opción <i>Guidelines</i> |
| Busca Guías | https://cse.google.com/cse?cx=016908703256648068814:ykdyfa26rik | Buscador creado con tecnoloxía Google que só busca en lugares produtores de GPC | |

Máis fontes:

1. Guías, protocolos e camiños clínicos. <https://bibliosaude.sergas.gal/Paxinas/web.aspx?tipo=paxlct&idTax=4031>

Bibliografía recomendada:

Casariego Vales E, Costa Ribas C. ¿Qué son y para qué sirven las GPC?[Documento en Internet]. A Coruña: Fisterra.com; 2019 [Consultado el 3 de julio de 2020].
 Disponible en : <https://www.fisterra.com/guias-clinicas/que-son-para-que-sirven-gpc/>